

morreu



o demo

GRUPO DE MEMORIA E PATRIMONIO TITIRITEIRO

A entidade conta con grupo estábel de persoas dedicado ao patrimonio do títere tradicional en Galicia. O seu labor céntrase na recuperación da memoria e na investigación sobre este campo.

OBXECTIVO

O obxectivo deste grupo é afondar no coñecemento sobre as compañías, técnicas, personaxes e públicos do títere tradicional en Galicia. Deste xeito, desenvolve investigacións e proxectos de recuperación de memoria e de reivindicación deste patrimonio.

Para isto desenvolve as seguintes actividades:

- ✚ Realización de entrevistas a persoas históricas do ámbito dos títeres ou a persoas de idade que lembran estes espectáculos.
- ✚ Pescudas hemerográficas e bibliográficas sobre este patrimonio.
- ✚ Elaboración de informes para promover o recoñecemento deste patrimonio por parte das autoridades competentes.
- ✚ Asesoramento a persoas dedicadas á investigación, institucións ou colectivos con interese por estas cuestións.
- ✚ Divulgación, por diferentes métodos e soportes, deste coñecemento, asesorando a asociación no aspecto histórico e patrimonial nos seus proxectos.

COMPOÑENTES

🏠 **Xaime Iglesias** é profesor de Lingua e Literatura Galegas, Mestre e Licenciado en Xeografía e Historia. Foi presidente fundador da Asociación Cultural Cedofeita de Lérez (Pontevedra) da que segue sendo membro. O seu interese polos estudos locais levouno a pescudar a vida dun insigne lerezán, José Silvent. Tras varios anos de investigación, Iglesias pode ser considerado o maior experto na figura do pai de Barriga Verde. Logo de varios artigos sobre o tema, en 2013 publicou, no marco do Proxecto, o libro José Sivent Martínez, o mítico Barriga Verde, que recolle o groso das súas indagacións.

🏠 **Comba Campoi:** Xornalista e investigadora, promotora cultural e produtora executiva en Tintimán Audiovisual, unha sociedade dedicada á produción de documentais, entre outras actividades de promoción cultural. No ano 2012 a produtora presentou a longametraxe documental Morreu o Demo, acabouse a peseta, ao redor da figura de Barriga Verde e da tradición europea de títeres de luva. Na súa tese doutoral “O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de Barriga Verde na Galiza de Posguerra (1936-1960)” investigou o papel das barracas de feira como forma de comunicación popular durante o franquismo.

🏠 **Anxo García:** Membro da compañía Viravolta Títeres, fundada en 1982, de Seisdedos arionetas Tradicionais e de Teatro da Ramboia (gañadora do Certame Manuel María para textos teatrais 2018). Produtor e manipulador en espectáculos de títeres, coordinador do Museo Galego da Marioneta e dos festivais Titirideza e Titirentroido xunto con Pilar Álvarez e Xulio Balado. Investigador da tradición titiriteira galega e un dos reponsables da recreación do espectáculo “Barriga Verde” por Viravolta Títeres.

🏠 **Pedro Solla,** xornalista, é coguionista e director do documental Morreu o Demo, acabouse a peseta. Actualmente é xefe de comunicación da entidade IGAXES3, que traballa con menores en risco de exclusión social.

🏠 **José Luís do Pico Orjais.** Profesor de primario, músico e investigador. Autor das edicións modernas dos cancioneiros de Inzenga (Cantos e Bailes da Galiza) ou Marcial Valladares (Ayes de mi país), monografías de Jacinta Landa Vaz, Ernesto Guerra da Cal, Frederico de Freitas... Ten participado en numerosos proxectos musicais e teatrais e vén de presentar o seu último traballo discográfico, *Poetas*, musicando versos de Miguel Torga, Idea Vilariño ou Faustino Rei Romero.

ACCIÓNS

2021

- 📁 Coordinación e elaboración da exposición “Eu son Barriga Verde”: Xuño-Outubro de 2021. <https://drive.google.com/file/d/1XJdjEkDqgnkxBOljwXvvg8La1UnYMxDG/view?usp=sharing>

2020

- 📁 Coordinación e elaboración da exposición “A arte dos Silvent”: Xuño-Outubro de 2020. <https://drive.google.com/file/d/1XJdjEkDqgnkxBOljwXvvg8La1UnYMxDG/view?usp=sharing>

2019

- 📁 Elaboración do libro *Barriga Verde na prensa*. (Maio-Setembro de 2019) O grupo achegou documentación e asesoramento á elaboración desta obra que publicou o concello de Lugo e elaborou o socio Xaime Iglesias. <http://barrigaverde.eu/cms/un-novo-libro-recupera-a-presenza-de-barriga-verde-en-prensa/>

- 📁 Gravación de entrevistas sobre Barriga Verde na feira de Francos (Nov. 2019).

2018

- 📁 Compilación de testemuños e material de cara a conseguir a declaración de Barriga Verde como Ben de Interese Cultural e outros recoñecementos específicos. Elaborouse un dosier que se presentou ante a Consellaría de Cultura (Marzo de 2018).
- 📁 Gravación de entrevistas sobre Barriga Verde na feira de Francos (Novembro de 2018).
- 📁 Asesoramento e revisión do libro *Sen medo ao demo* (Febreiro-Maio de 2018) A Asociación colaborou na revisión e elaboración da versión para público xeral da tese de Comba Campoi, editada polo selo da Fundación Vicente Risco. https://tenda.airadasletras.gal/es/libro/sen-medo-ao-demo_41779
https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/07/07/cultura-presentacion-linares-libro-sen-medo-ao-demo-comba-campoi/0003_201807D7C3997.htm

2017

- 📁 Recuperación da información sobre Barriga Verde e as festas do Corpus en Ourense en “La Región”. Recuperación de mencións a Barriga Verde en “La Noche”. Recuperación de fotografías sobre Barriga Verde en “El Pueblo Gallego” <https://drive.google.com/open?id=0Bw3hhdXWsvM8M0lhRIM1d3JEcFE>
- 📁 Entrevista a Arturo Lezcano https://youtu.be/eZds_3mEvok
- 📁 Gravación de entrevistas sobre Barriga Verde na feira de Francos (Novembro de 2017).

📁 Compilación e publicación de iniciativas de recuperación de Barriga Verde desde diferentes ámbitos da sociedade galega (Agosto-novembro de 2017)

<http://barrigaverde.eu/cms/que-e/alen-de-nos-outras-iniciativas-de-recuperacion-de-barriga-verde/>

2015

📁 Asesoramento ao grupo A Gramola Gominola para a creación da súa canción “Barriga Verde”, incluída no disco do mesmo nome.

<https://soundcloud.com/agramolagominola/barriga-verde>

📁 Gravación de entrevista a Consuelo Jimenéz, nora de Julia Silvent (Xaneiro de 2015)

📁 Compilación de publicacións sobre Barriga Verde e publicación en liña

<http://barrigaverde.eu/cms/recuperamos-vellas-publicacions/>

📁 Compilación e publicación de fotografías históricas sobre Barriga Verde e os Silvent <http://barrigaverde.eu/cms/as-fotografias-historicas/>

2014

📁 Compilación e publicación de fotografías dos bonecos orixinais de José Silvent <http://barrigaverde.eu/cms/os-bonecos-de-jose-silvent/>

📁 Gravación de entrevistas con Juan Silvent e Alfonso Silvent

📁 Elaboración da exposición e Guía didáctica: “Onde foi Barriga Verde?” (Xaneiro-Xuño de 2014) <http://barrigaverde.eu/cms/exposicion-e-guia-didactica-onde-foi-barriga-verde/>

📁 Coordinación e elaboración de artigos para o catálogo e a exposición “Barriga Verde: De feira en feira”

<http://barrigaverde.eu/cms/catalogo-barriga-verde-de-feira-en-feira/>

<http://barrigaverde.eu/cms/barriga-verde-de-feira-en-feira/>

📁 Coordinación de contidos e elaboración de artigos para o libro-DVD “Morreu o Demo, acabouse a peseta” <http://barrigaverde.eu/cms/249/>